

Afondamento de Alemán

O Departamento de Alemán ofertará, a partir do vindeiro curso escolar 2022-2023, a materia de “Reforzo de Alemán” para os alumnos de 2º da ESO matriculados en **ALEMÁN Segunda Lingua Estranxeira**.

¿Por qué escoller esta nova materia?

- Os alumn@s pasarán de 2 a 3 horas de Alemán por semana.
- A clase do “Reforzo de Alemán” terá como obxectivo fundamental a **práctica oral do idioma**, a través dunha **metodoloxía entretida, dinámica e moi efectiva**.
- O noso obxectivo será o enfoque comunicativo a través de:

- o **xogos**,
- o **cancións**,
- o **exposicións grupais**,
- o **diálogos en base a situacións reais**,
- o **e actividades interactivas**,

... de xeito que o alumnado “perda o medo” a expresarse oralmente no novo idioma.



O enfoque COMUNICATIVO...

... enfatiza a comunicación e a aprendizaxe da lingua estranxeira a través da **INTERACCIÓN entre os alumnos** (diálogos, xogos de intercambio de información, entrevistas)

... dá importancia ás experiencias persoais do alumnado coma elementos que axudan á aprendizaxe na aula.

Vantaxes para o alumnado:

As actividades de **COMPRESIÓN e EXPRESIÓN ORAL** consistirán en **actividades, proxectos, xogos e tarefas reais** nas que o Alemán, coma lingua estranxeira, servirá coma vehículo para alcanzar un fin, fomentando o desenvolvemento de dinámicas comunicativas nas que os participantes reciben, comprenden e reproducen a información.

Animádevos a participar na hora de Reforzo de Alemán ... un momento da xornada para aprender dun xeito diferente e moi entretido, partindo da práctica e da comunicación cos compañeir@s !!!